



Local Comarcal
Travesía da Torre 2, 1º
15300 Betanzos (Galiza)

Tel. Fax.
981776466
981776467

Correo electrónico
contacto@bngbetanzos.org

Páxina web
www.bng-galiza.org/betanzos
www.bngbetanzos.org

Henrique del Río Otero e María Otero García, concelleiro e concelleira do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Betanzos, teñen a honra de propór ao Pleno da Corporación a seguinte moción sobre redacción e aprobación de bases xerais para contratación de persoal laboral

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 9 de agosto de 2012, o Boletín Oficial da Provincia recollía dous anuncios do Concello de Betanzos relativos a selección de persoal. Contra o que din as bases para a contratación de auxiliar administrativo para Servizos Sociais, esta convocatoria non foi publicada na web oficial do Concello, como tamén se comprometera hai un ano o goberno local a facer con todos os procesos selectivos municipais. Incúmprense, polo tanto, ademais dos compromisos políticos do goberno, as propias bases da convocatoria na que expresamente dise

"5.- Publicidade.

A convocatoria iniciando o proceso selectivo así como as presentes bases, serán obxecto de publicación en Boletín oficial da Provincia (BOP), na páxina web do e no taboleiro de anuncios deste Concello."

Este comportamento, ao noso entender, vulnera as posibilidades reais para acceder á convocatoria en igualdade de oportunidades coma o ordenamento demanda.

Ademais, estas bases específicas van en contra do establecido polas bases xerais que este Concello aprobou hai anos, de forma que o goberno local está modificándoas de facto en lugar de traer a aprobación do Pleno unhas novas bases xerais de contratación para persoal laboral como este Pleno acordou, a instancias do BNG, o pasado 26 de xullo de 2011. Acordo subscrito polo goberno local do PSOE, mais ignorado ao longo de todo o ano.

Ademais, ambas convocatorias- aínda que unha sexa mera transposición dunha orde de axudas da Xunta- incumpren manifestamente a lexislación no tocante ao coñecemento da lingua propia de Galiza. Deste xeito, a convocatoria incumpre, ademais do propio Estatuto de Autonomía para Galiza, o recollido no artigo 36 da Lei 30/ 92 de Procedemento Administrativo, no artigo 7.1 da Lei 5/97 de Administración Local de Galiza e sobre todo a modificación do texto refundido da Lei da Función Pública de Galiza, aprobada polo Decreto legislativo 1/2008, introducida pola Lei 2/2009. E a máis abundar, debера terse tamén en conta que a Orde da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galiza de 30 de decembro de 2011 relativa a convocatoria de subvencións como a que xustifica esta contratación, no seu artigo 7 (de criterios de valoración) determina no seu apartado g) que se primará con 5 puntos a utilización da lingua galega na realización das accións de información, orientación e busca de emprego.

Non se comprende a diferenza nos prazos para presentación de solicitudes por parte das e dos interesados, de dez días nun caso e cinco noutro. No BNG entendemos que debера haber un criterio uniforme na Administración local, público e coñecido polo conxunto da veciñanza, para estes procesos selectivos a fin de que poida presentarse o maior número de persoas interesadas. O contrario indica que podería haber algún outro interese en dificultalo- igual que o feito de non publicárense as bases na web municipal e darlle traslado aos representantes dos traballadores municipais.

Hai un ano, e diante dunha situación semellante, este Pleno acordou instar ao goberno local a presentarlle para aprobación unhas novas bases xerais de contratación. No tempo transcorrido, e malia a proliferación de xuntanzas para calquera tipo de asunto, non se convocou unha soa reunión para presentar unha proposta aos diferentes grupos da Corporación.

Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG propón ao Pleno do Concello a adopción do seguinte

ACORDO

- 1- Instar ao goberno local a cumprir con todos os requerimentos legais nas contratacións de persoal de todo tipo que realice esta Corporación, sinaladamente no relativo a criterios de publicidade, comunicación aos órganos representativos dos traballadores municipais, valoración do uso e coñecemento da lingua propia de Galiza e cantos outros afecten á igualdade de oportunidades para que calquera persoa puiden optar a un posto de traballo no Concello.
- 2- Instar ao goberno local a emprender a actualización das bases xerais para a contratación de persoal que ten o Concello, contando co parecer da representación sindical dos traballadores e traballadoras e cos grupos da Corporación.
- 3- Facultar á Alcaldía ou concelleiro/a en que delegue a dar os pasos oportunos para o cumprimento de dito acordo.

Betanzos, 22 de agosto de 2012